



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE CINCO PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INTEGRADAS DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA.

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.- Examinadas as bases e a convocatoria e vista a resolución da concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura de data 04 de agosto de 2020, pola que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se determinan as datas para a constitución do Tribunal e do primeiro exercicio do proceso selectivo convocado, a Presidenta declara validamente constituído o Tribunal.

VALORACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO.- Reunido o Tribunal Cualificador o día 02 de outubro de 2020, procedeuse á valoración dos méritos alegados e xustificados polos aspirantes na fase de concurso, segundo o baremo establecido na base específica cuarta das bases da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 50, de 12 de marzo de 2020, co seguinte resultado:

APELIDOS, NOME	NOTAS
BALIJE GARCÍA, DANIEL	9,45
CASTELLANO SOTO, MARÍA ELVIRA	8
DURÁN PENABAD, ANA MARÍA	8,1
OUTEDA EIRÍN, MARÍA SOLEDAD	7,65
PÉREZ PORTELA, MARÍA DOLORES	13,88
PORTELA SABAJANES, MARTA	6
VILLA MÚJICO, ADRIÁN	7,30

EXPOSICIÓN DAS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NA FASE DE CONCURSO.- O Tribunal Cualificador, en cumprimento do disposto na base xeral 13ª da convocatoria, dispón que se expoñan as puntuacións outorgadas mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello e, de xeito complementario, na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), antes do comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO.- De conformidade co establecido na resolución da concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura de data 04 de agosto de 2020, o primeiro exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, **consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas**, con respostas alternativas, referidas ás materias contidas na segunda parte do temario establecido na base sexta, durante un período de trinta minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio, terá lugar o día **05 de outubro de 2020, ás 12:00 horas, na Sala Liñares, sita no primeiro andar do edificio municipal Casa Azul, situado na rúa de Sor Lucía.**

O que se fai público para xeral coñecemento dos aspirantes admitidos.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria do Tribunal

